



ASTO: TRASLADO DE CONVOCATORIA A PLENO.

Polo Sr Alcalde, o día da data, ditouse a seguinte:

“ RESOLUCIÓN DE CONVOCATORIA A PLENO.”

De acordo co disposto no art. 46.2 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 79 do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento das entidades locais, **RESOLVO:**

- Convocar ós membros do Pleno do Concello á *sesión ordinaria* deste que terá lugar o vindeiro día **10 de marzo de 2017** na Casa do Concello ás **13.30 horas** en primeira convocatoria, ou dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria de non obterse quórum suficiente na primeira.

- Fixa-lo seguinte **orde do día:**

1. *Aprobación das actas anteriores, que se corresponden coas de 29/12/2016 e 23/02/2017.*
2. *Dación de conta dos Decretos da Alcaldía.*
3. *Dación de conta do decreto de aprobación da liquidación dos orzamentos do ano 2016.*
4. *Aprobación inicial Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xinzo de Limia.*
5. *Convenio Confederación Hidrográfica Miño-Sil.*
6. *Cesión do vial OU-P-000, que une Xinzo de Limia dende o enlace 193 da Autovía A-52 co Concello de Vilar de Barrio (N-525/ OU-1102).*
7. *Moción conxunta de tódolos Grupos Municipais para esixir a chegada do AVE a Galicia no prazo previsto e o mantemento da variante de Ourense.*
8. *Moción conxunta de tódolos Grupos Municipais para que se cambie o nome de Ginzo de Limia por Xinzo de Limia.*
9. *Aprobación do Plan de acción de enerxía sostible para o Concello de Xinzo de Limia.*
10. *Moción conxunta de tódolos Grupos Municipais para a protección da saúde da cidadanía fronte ó amianto ou asbesto.*
11. *Rogos e preguntas.*

Xinzo de Limia, 7 de marzo de 2017.



Asdo.: **Marta M^a Gómez Ruíz.**

RECURSOS: *Contra este resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o Alcalde de este Concello, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio.*

Todo elo sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que Vd estime máis procedente e sexa conforme a dereito.